

# O PAXARO DE PAPEL

Anja Breien, 1984

# 1726

---

ESTREA EN NUMAX: 21.04.2026 | V.O.S.E. | 96 min

A moza avogada de Oslo, Helen Larre, observa como un home cae desde un balcón e, ao achegarse, descobre que se trata de seu pai. Na súa roupa encontran adheridos diversos documentos e a fotografía dunha moza. Coa axuda do inspector Pål Brenden, comezará a debullar toda unha serie de intrigas corporativas e conflitos familiares que a levarán a replantexarse a relación co seu pai, mentres intenta descubrir se se trata dun suicidio, un accidente ou un asasinato.

Presentación a cargo do cineasta Alfonso Zarauza.



## Unha estraña ansiedade

Por Mauro Galindo

*O paxaro de papel* (1984) é un thriller dramático, sexta longametraxe de Anja Breien, cineasta norueguesa que opta unha vez máis por unha película que contén unha forte compoñente dramática, pero creando unha tensión diferente, con elementos que supuran unha estraña ansiedade, aos que a directora xa nos ten afeitos.

Unha vez máis, Breien abre a película cunha escena de grande impacto na que coñecemos á nosa protagonista, Helen, que desenvolve unha historia de amor co policía que leva o caso da desaparición de seu pai. Desde o aspecto narrativo, hai certas claves que cómpre destacar. Para empezar, é fundamental como se constrúe a historia, cunha estrutura que se podería entender como circular debido a que acaba no mesmo punto que empeza, pero cunha serie de detalles derivados da investigación que van transformando o seu significado.

Partimos dunha base na que nos identificamos coa protagonista xa que non sabemos nada sobre o sucedido. De forma gradual, Anja empeza a coñecer información importante e mesmo pequenos indicios. En paralelo ao caso, desenvólvense outras tramas dentro da historia, como a aventura amorosa entre Helen e Pal, o descubrimento progresivo da relación que gardaba Helen co seu pai ou a irrupción das drogas. A identificación que xera Breien no público coa protagonista é fundamental, e esta vai gañando cada vez máis notoriedade e terreo a medida que a película avanza (aínda que sen incidir demasiado nela, os seus motivos ou aspiracións), ata o punto no que o clímax final rompe coa evolución do seu personaxe ao longo da obra e xera, desta forma, un maior impacto.

O máis remarcable da película é sen dúbida a fotografía, desde a posta en escena ata a composición dos distintos planos. O traballo entre Breien e Erling Thurmman-Andersen (o director de fotografía do filme que nos ocupa e co que máis colaborou a directora norueguesa) alza e mesmo transforma a obra. Así, as imaxes, grazas ás cores, a composición ou os distintos aspectos que engloba a posta en escena, marcan o ton durante practicamente toda a metrxaxe, con outros usos determinados como a creación de emocións ou a mestura delas. Breien sèrvese deste tipo de ferramentas (ademais da música, que xoga un papel fundamental neste sentido) para introducir o espectador na historia, creando imaxes tan sorprendentes como emotivas. De xeito que o aspecto visual e sonoro da película non son meros acompañantes senón que cumpren funcións narrativas esenciais como establecer as atmosferas emocionais, definir aos propios personaxes ou alimentar os picos de incerteza.

Con todo isto, a directora norueguesa ofrécenos unha proposta ambiciosa e valente que, como todas as súas obras, conta con grandes puntos fortes e expón moitas preguntas e reflexións acompañadas dun valeroso discurso. *O paxaro de papel* é toda unha experiencia caracterizada pola tensión e o enigma que consegue xogar co espectador e atraer a súa atención.

Publicado en [cinemaldito.com](http://cinemaldito.com)